



CONCELLO DE BOIRO

DEPARTAMENTO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE BOIRO

ACTIVIDADES E INTERVENCIÓNS REALIZADAS DURANTE O EXERCICIO 2009.

PERSOAL:

No referente a persoal, o departamento municipal de Servizos Sociais do Concello de Boiro conta na actualidade con: dúas traballadoras sociais a xornada completa e cun horario de atención ó público de 8.00 a 13.00 horas; unha auxiliar administrativo, unha educadora familiar, unha avogada, un psicólogo e sete auxiliares de axuda no fogar. Neste aspecto, contamos tamén coa contratación indirecta dunha empresa para cubrir a gran demanda que existe en axuda no fogar.

O número de usuarios/as por recurso aplicado no departamento durante o exercicio 2009 foi o seguinte:

RECURSO	Nº USUARIOS/AS
Acollemento familiar menores	10
Acollemento familiar maiores	7
Obtención grao dependencia	257
Obtención grao minusvalía	101
Pensión non contributiva invalidez	92
Pensión non contributiva xubilación	110
Complemento vivenda aluguer perceptores pensión non contributiva	2
Lei integración social minusvalidos	13
Emerxencia social Xunta de Galicia	6
Emerxencia ONG	4
Axudas individuais persoas con discapacidade	14
Axudas individuais persoas maiores	18
Axudas extraordinarias a emigrantes retornados galegos	2
Axudas asistenciais a emigrantes retornados	1
Pensións asistenciais por anciandade a favor de españois retornados	3
Turismo social Xunta de Galicia	11

teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org


N.º R. E. L. 01150119

CONCELLO DE BOIRO

Termalismo social	83
Vacacións IMSERSO	52
Abono social telefónica	16
Teleasistencia	10
Centro de Día	3
Respiro familiar	1
Centro Público Menores	1
Residencia persoas maiores	2
Axudas integración ao menor	11
Cheque infantil	14
Comedor escolar	6
Título familia numerosa	42
Deducción canón saneamento familias numerosas	2
Axudas alugamento vivenda	4
Infravivenda rural	2
Incapacitación tutela de adultos	2
Transporte adaptado	44
Alimentos ONG	2
Alimentos municipais	3
Mobles	2
Intervención non menores (Xunta de Galicia)	6
Prestacións sanitarias Sergas	2
Prestación económica fillo a cargo (360,00 euros)	720

O departamento conta tamén co Centro de Información a Muller, o cal atendeu ó longo do exercicio a un total aproximado de 900 mulleres, demandando información e orientación sobre: divorcio, separación, impago de pensións, violencia de xénero, vivenda, xustiza gratuita, etc.

TOTAL CASOS ATENDIDOS: 1.978





CONCELLO DE BOIRO

ACTIVIDADES REALIZADAS POLO DEPARTAMENTO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS

1.- ACTIVIDADES DE CARÁCTER PUNTUAL

****/ 27 DE XUÑO 2009: Romaría San Lourenzo, a cal se festexou na área de ocio de Praia Xardin, participando aproximadamente unhas 70 persoas.***

****/ 31 DE AGOSTO 2009: Romaría San Ramón de Bealo: degustación este ano do produto do Mexillón. Aproximadamente unhas 150 persoas pertencentes ó colectivo da Terceira Idade.***

****/ 25 DE SETEMBRO DE 2009: comida anual Terceira Idade, realizada no pavillón municipal de deportes de Barraña, cunha participación de 700 persoas. Financiación con cargo a empresas ubicadas no Concello e aportación dos/as propios/as usuarios/as.***

2.- ACTIVIDADES DE CARÁCTER PERIÓDICO

****/ Talleres de memoria para persoas maiores: que se levan a cabo nos centros sociais de Boiro, Escarabote e Cabo de Cruz. Tamén en Cespón.***

****/Violencia doméstica. Un fenómeno social.***

****/Mediadores/as para a educación en saúde***

****/ Mediadores/as para a prevención de conductas violentas (nos IES do Concello).***

****/ Enriquecemento emocional (dentro do eixe da muller)***

****/ Atención a afectos/as de Alzheimer e outras demencias.***

Teléfonos: 5
981 844 800
981 849 960
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

N.º R. E. L. 01150119

CONCELLO DE BOIRO

****/ Apoio escolar educativo : centro social de Boiro os luns e mércores.***

****/ Semana do maior (colectivo terceira idade)***

****/ Transporte adaptado(desprazamentos puntuais e non discrecionais para persoas maiores ou dependentes).***

3.- ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO: levanse a cabo nas oficiñas municipais de servizos sociais, de martes a venres en horario de 8.30 a 13.30 horas. Traballadora social, psicólogo (mércores e venres) e avogada (martes e xoves).

Boiro, 24 de setembro de 2009.

Asdo. Milagros Tubío Chouza



CONCELLO DE BOIRO

NOTA DE PRENSA PROGRAMA DE EDUCACIÓN FAMILIAR.

Durante o ano 2009 o Programa de Educación Familiar, atendeu a 43 familias, nas que as problemáticas son moitas e moi variadas e pódense resumir nas seguintes:

- Absentismo escolar: 8 (18,6%).
- Falta de hixiene: 14 (32,55%).
- Conduta disruptiva dos/das menores: 9 (20,93%).
- Trastorno por Déficit de Atención con Hiperactividade (TDAH): 4 (9,3%).
- Consumo de drogas dos pais/nais e/ou outros familiares: 5 (11,62%).
- Consumo de drogas nos/as menores: 1 (2,32%).
- Maltrato dos/as pais/nais aos/ás fillos/as: 5 (11,62%).
- Maltrato dos/as menores a pai/nai ou familiares: 1 (2,32%).
- Desestructuración familiar: 17 (39,53%).
- Posible abuso sexual do pai ao fillo: 1 (2,32%).
- Deprivación sociocultural: 6 (13,95%).
- Alcolismo do/a pai/nai ou algún familiar: 4 (9,3%).
- Mala alimentación nos/as menores: 13 (30,23%).
- Enfermidades mentais nos/as pais/nais ou algún outro familiar: 6 (13,95%).
- Abandono do pai/nai ou ambos: 5 (11,62%).
- Problemas económicos: 11 (25,58%).
- Situación de risco ou desamparo dos/as menores: 8 (18,6%).
- Falta de normas: 14 (32,55%).
- Violencia de xénero: 3 (6,97%).
- Embarazos adolescentes: 1 (2,32%).
- Intervención de menores: 2 (4,65%): Una retirada y un ingreso en un centro.

Hay que ter en conta que cada familia é multiproblemática, polo que están incluídas incluídas en máis dunha das problemáticas resumidas nos parágrafos anteriores.

CONCELLO DE BOIRO

INFORMACIÓN DA ACTIVIDADE DO SERVIZO DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA DO CIM DURANTE O 2009

O centro de información á muller durante o ano 2009 realizou unha cantidade de consultas superior á 700 consultas (concretamente 720) o que supón un leve aumento da actividade respecto ó 2008.

O 86% aproximadamente das consultas realizadas corresponden a mulleres. E o restante 14% a homes.

NÚMERO TOTAL DE CONSULTAS NO 2009: 720
CONSULTAS DE MULLERES: 619
CONSULTAS DE HOMES: 101
% DE CONSULTAS DE MULLERES (E NENAS): 86%
% DE CONSULTAS DE HOMES (E NENOS) : 14%
% DE CONSULTAS TELEFÓNICAS : 12%

PERFIL DA USUARIA:

Muller, idade media 36 anos (baixou case en dous anos respecto a 2007), separada ou en trámites de separación, nivel cultural medio-baixo, formación escolar e laboral baixa, nivel de ingresos medio-baixos entre os 500 e os 800€, hábitat urbano ou semiurbano maioritariamente, sector laboral: sector servizos, industria (conserveira) ou servizo doméstico por orden de frecuencia.. Con fillos a cargo, media de fillos de 1,3 por muller,

% de Usuarias Víctimas de violencia: 74%
% de Usuarias vítimas que presentaron denuncia: 67%
% de desemprego entre usuarias : 40% (incrementouse e segue a incrementar)
% de mulleres que concilian vida laboral e tarefas domésticas: 96%
% de Usuarias que reciben prestacións económicas: 35%
% de Usuarias que manifestan dores e molestias físicas: 65%
% de Usuarias que reciben tratamento médico-psiquiátrico: 70% (diminúe en parte á menor idade media das usuarias)

PERFIL DO USUARIO:

Home de mediana idade (media de 48 anos) casado, con fillos (media 2) , con traballo (80% empregados , 20% desempregados).

Nivel cultural medio-baixo (primaria e nalgúns casos formación profesional específica equivalente a ciclo formativo).

Nivel de ingresos masculinos: entre os 800 e os 1300€. Neste senso destacar a gran diferenza de ingresos respecto ó sexo feminino.

% de homes que refieren molestias físicas: 55%.

% de homes con causas pendentes coa xustiza ou denuncia de maltrato/orden de alonxamento: 75%

% de homes que colaboran nas tarefas domésticas: 37%

% de homes que perciben axudas económicas: 20%

% de homes en tratamento médico/psiquiátrico: 40%

% de homes nos que se detecta alcoholismo ou consumo de sustancias: 50%

TIPOLOXÍA DAS CONSULTAS:

Nas consultas de mulleres se prestou atención psicolóxica a mulleres vítimas de maltrato (que son un 70 % das usuarias), a mulleres en busca de asesoramento sobre a separación e divorcio así como consultas relativas ó trato cos fillos durante dito proceso ou se foron presenciadores do maltrato ou episodio violento.

Ainda que este suceso non é moi frecuente causa enormes trastornos á muller e dificultades de manexo cos fillos en periodos de tempo superiores ó que conleva a disolución legal do matrimonio.

Tamén se realizaron numerosas consultas a persoas que se ben non poden ser consideradas enfermas mentais crónicas, se atopaban en moitos casos moi preto de cumprir coa sintomatoloxía propia dos problemas de saúde mental. É destacable que nos casos de mulleres os niveis xerais de ansiedades son moi altos así como os de depresión e tendencia ó aillamento social. Naqueles casos nos que isto se suma a unha mala relación co grupo familiar ou ben non existe unha rede social de apoio , xunto a unha situación de precariedade económica (en aumento) , se da un caldo de cultivo idóneo para a patoloxía mental.

No caso dos homes, a maioría dos adultos acode ó CIM motivado por ter unha causa pendente coa xustiza (75%) das consultas.

En xeral se trata dunha denuncia por agresión e teñen unha orde de alonxamento. É destacable que no Centro de Información á Muller non se realiza terapia de parella para casos que como os mencionados teñen antecedentes de agresión , pois se considera que poden ser motivados por unha fuxida hacia adiante dos maltratadores sen un arrepentemento real e que poderían sentar as bases de convivencia que poñan de novo en perigo as agredidas.

A motivación masculina de terapia é dubidosa e de feito os homes que non teñen denuncias non acuden voluntariamente por considerarse machistas ou pouco colaboradores coa igualdade.

É necesaria unha maior concienciación social sobre o papel do home na convivencia de parella na actualidade.

Outros servizos realizados incluíron:

- Asesoramento ó departamento de servizos sociais na selección de perfil para o obradoiro de emprego.
- Coordinación co plan galego de inclusión social 2009 e derivación e inclusión de usuarias CIM, que produxo grandes resultados, pois o 60% das usuarias CIM derivadas conseguiron un traballo de unha duración mínima de seis meses.
- Coordinación co servizo de educación familiar do Concello.
- Coordinación cos colexios públicos do noso Concello e os departamentos de orientación dos mesmos en situación de menores con dificultades.
- Organización de actos do CIM.
- Derivación de usuarias/os a servizos especializados, como no caso masculino ó programa de reeducación de homes maltratadores do colexio oficial de psicólogos.

PROPOSTA DE ACTIVIDADE PARA O 2010:

- Organización de diversos actos de concienciación sobre a igualdade e loita contra a violencia de xénero a nivel local.
- Actos de conmemoración do día da muller traballadora con exposición fotográfica multimedia no propio concello.
- Programa de inserción laboral para mulleres en risco de exclusión (de maio a outubro de 2010)

ASESORAMENTO XURÍDICO (CIM)

O Centro de Información da Muller de Boiro, no campo relacionado có asesoramento xurídico atendeu entre os meses de xaneiro a decembro do ano 2009 case seiscentas consultas. O perfil das usuarias que mais demandan os servizos xurídicos do CIM son mulleres que contan entre 30 e 50 anos de idade.

A maior parte das consultas proceden das áreas consideradas urbanas. As principais consultas das usuarias centranse en temas de divorcios, separacións xudiciais, demandas de adopción de medidas paternofiliais, liquidación dos reximenes económicos matrimoniais. Asimesmo ao longo do ano 2009 incrementáronse as consultas sobre violencia de xénero existindo nestes momentos en vigor no Concello de Boiro aproximadamente unhas 30 ordenes de protección.

O resto das consultas ao longo do ano 2009 versaron sobre temas de familia (incapacitacións xudiciais, nomeamentos de tutor, rendición de contas etc); extranxería; adquisición da nacionalidade española, incrementáronse notablemente as solicitudes de avogado de oficio e as consultas relacionadas co recoñecemento do dereito de xustiza gratuita.

Asimesmo, é chmativo que do rexistro total das consultas realizadas no servizo de asesoramento xurídico do CIM, 150 consultas son de varóns.